

D.4. O INVESTIMENTO MUNICIPAL

No cadro seguinte, preséntase a análise do total do investimento executado no período 1998-2003, así como os resultados seriados da evolución orzamentaria do investimento no mesmo período, expresados en euros para facer posible a súa comparación.

O monto total do investimento orzamentario municipal ten ascendido á cantidade de 7.068,38 miles de euros 2005 en seis anos, o que equivale a un investimento medio anual de 1.178,06 miles de euros.

Cadro nº 17. Total Investimento. Período 98-2003. (Miles de euros 2005)

INVESTIMENTO TOTAL	7.068,38
INVESTIMENTO MEDIO ANUAL	1.178,06

Fte.: Orzamentos Municipais Liquidados. Elaboración propia.

Para analizar o destino do investimento directo municipal ao longo do período 1998-2003 clasificáronse as anotacións contables dos Orzamentos anuais, atendendo ás características do concepto, agrupándoas nos epígrafes significativos que se recollen no cadro nº 18.

Cadro nº 18. Investimento Directo Segundo Destino en Orzamento. Período 1998-2003. (Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Investimento en Infraestrutura e bens	1.251,60	1.051,08	1.233,29	669,50	975,60	915,66
Investimento en servizos	344,18	517,14	502,33	236,30	501,01	248,65
Investimentos inmateriais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	1.595,78	1.568,22	1.735,62	901,80	1.479,61	1.164,31

Fte.: Orzamentos Municipais Liquidados. Elaboración propia.

No período 1998-2003, o investimento municipal concentrouse maioritariamente en investimentos urbanísticos. Ocupa o primeiro lugar o investimento en Infraestruturas, representando o 56,44% do investimento directo total.

O 43,56% restante tivo por destino a implantación e mellora dos diferentes servizos e dotacións municipais.

Cadro nº 19. Fontes de Financiamento. Período 1998-2003. (Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Alleamento de investimento	0,00	330,08	3,08	0,00	0,00	48,74
Transferencias de capital	965,08	1.626,15	1.014,21	960,19	1.295,62	925,97
Préstamo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Contribucións especiais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	965,08	1.956,23	1.017,29	960,19	1.295,62	974,71

Fte.: Orzamentos Municipais Liquidados. Elaboración propia.

Cadro nº 20. Orixe das Transferencias con destino Investimento. Período 1998-2003. (Miles de euros)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Comunidade Autónoma	698,55	1.267,17	614,41	810,40	659,43	270,53
Entidades Locais	265,04	251,69	399,35	149,79	635,28	649,43
Estado	1,49	0,98	0,45	0,00	0,17	0,60
Outras Transferencias	0,00	106,31	0,00	0,00	0,74	0,00
TOTAL	965,08	1.626,15	1.014,21	960,19	1.295,62	920,56

Fte.: Orzamentos Municipais Liquidados. Elaboración propia.

D.5. CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO MUNICIPAL DO PLAN

A capacidade de financiamento do investimento urbanístico municipal previsto no Plan Xeral relaciónase directamente coa capacidade de aforro orzamentario, tanto si se plantea a través do financiamento directo, como si se recorre á vía crediticia.

Polo tanto, teranse que establecer as previsións en relación á evolución esperada da facenda municipal e en especial respecto da evolución da capacidade de aforro da mesma, entendendo por tal, o diferencial entre ingresos e gastos por operacións correntes.

Realizadas as previsións, xustifícase a capacidade efectiva de financiamento dos 7.791,82 miles de euros que se requiren para atender as previsións de investimento para as actuacións establecidas como preferentes na estratexia de actuación do Plan.

O cadro que proxecta a capacidade financeira prevista, elabórase a partir dos resultados do orzamento liquidado 2006 (Fte.: IGE), baixo as seguintes hipóteses:

- 1) O crecemento dos Ingresos Correntes producirase ao ritmo dun 6,08% anual acumulativo.
- 2) O crecemento dos Gastos Correntes producirase ao ritmo dun 5,29% anual acumulativo.
- 3) A inflación media anual do período non superará o 2,5% anual.

A hipótese de crecemento dos Ingresos Ordinarios sitúase na taxa de crecemento anual acumulativo dos orzamentos liquidados do período 1998-2003. Unha taxa moderada se consideramos a evolución dos exercicios posteriores (8,68% no período 2001-2006).

A hipótese de crecemento dos Gastos Ordinarios sitúase na taxa de crecemento anual acumulativo dos orzamentos liquidados do período recente 2001-2006. Unha taxa algo superior á do período analizado 1998-2003 (4,68%) que axusta, tamén do lado da prudencia, a prognose do aforro orzamentario esperado.

A hipótese de inflación relaciónase cos obxectivos de estabilidade da Unión Europea.

A carga financeira considerada corresponde coa anualidade teórica resultante das operacións de crédito vixentes segundo a súa situación a finais do 2008 e a súa evolución esperada.

Cadro nº 21. Evolución Prevista do Aforro Neto Resultante 2011-2018 (Miles de euros 2005)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
INGRESOS ORDINARIOS	9.028,94	9.577,90	10.160,24	10.777,98	11.433,29	12.128,43	12.865,84	13.648,08
GASTOS CONSUNTIVOS	7.838,58	8.253,24	8.689,84	9.149,53	9.633,54	10.143,16	10.679,73	11.244,69
CARGA FINANCIERA	228,88	223,29	217,85	212,53	207,35	202,29	197,36	192,55
AFORRO NETO	961,49	1.101,37	1.252,56	1.415,92	1.592,39	1.782,98	1.988,75	2.210,85

Fte.: Orzamentos Municipais Liquidados. Concello de Teo. IGE. Elaboración propia.

Do cadro nº 21 conclúese un aforro neto previsto de 12.306,30 miles de euros no período de oito anos ao que se refire a definición de prioridades de actuación do Plan Xeral.

Nestas condicións o Concello podería financiar directamente o investimento declarado preferente, que ascende a 7.791,82 miles de euros, coa aplicación do 63,31% do aforro neto esperado.

A presente hipótese non considera a utilización, prevista na Lei 9/2002, do Patrimonio Municipal de Solo para as finalidades de financiamento de actuacións urbanísticas en infraestruturas e dotacións públicas, nin o recurso ao crédito. Opcións ambas que introducen máis folgas á cobertura dos custos do Plan asignados ao Concello. Baste dicir que a execución das actuacións establecidas como preferentes aportará ao Patrimonio Municipal solo para edificar máis de 56.600 m² de uso de vivenda colectiva, considerado como característico no Plan Xeral, que representa un valor próximo aos 4.528 miles de €.

O investimento municipal previsto no Plan, en consecuencia, encaixa na capacidade económica e financeira do Concello estimada sobre a base de hipóteses de previsión verosímiles, deixando á marxe do financiamento do Plan a totalidade dos recursos derivados do Patrimonio Municipal de solo e mesmo o recurso ao endebedamento.

D.6. A INVERSIÓN DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

- Administración Central.

No que se refire á Administración Central as previsións de inversión do Plan Xeral refírense practicamente en exclusiva ás accións na Estrada Nacional N-550. A inversión mínima prevista nesta rede viaria básica, ascende a 3.917,71 miles de €.

- Deputación Provincial.

A asignación de inversión á Administración Provincial céntrase na actuación sobre o viario da súa titularidade, na cooperación á mellora da urbanización dos núcleos tradicionais e na participación no desenvolvemento dos proxectos de implantación ou renovación de infraestrutura local.

A inversión no seu conxunto ascende a 13.469,35 miles de € que equivale a unha inversión anual de 1.683,67 miles de €.

Excluída a inversión en mellora do viario da súa titularidade, as restantes previsións de aportación provincial supoñen unha inversión anual de 730,54 miles de €, nótese que só a aportación media aos P.O.S. no período 2000-2004 ascendeu a 367,87 miles de € por ano.

- A Administración Autónoma.

A inversión prevista para a Administración Autónoma agrúpase nos sectores de rede viaria básica autonómica, infraestruturas básicas (fundamentalmente hidráulicas) e acondicionamento de espazos libres de singular interese, polos seus valores ambientais ou paisaxísticos.

A inversión en rede viaria pola Comunidade Autónoma é o primeiro capítulo en importancia, ascende aos 10.783,68 miles de € en oito anos. Inclúese neles o novo viario comarcal formado polo cinturón de circunvalación incluído no Plan Sectorial Viario da CPTOPV. A inversión en infraestruturas básicas, alcanza os 2.579,11 miles de €, na que se prevé a participación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. A inversión en acondicionamento de espazos libres públicos de interese natural e cultural ascende a 867,71 miles de €.